


..... Lección 7

Non hai mellor comer ca ter boa gana

A cociña



- | | | | |
|---------------------|----------------------|--------------|--------------|
| 1 Moble | 9 Vertedoiro | 17 Cazo | 25 Copa |
| 2 Extractor de fume | 10 Billa | 18 Cazola | 26 Louza |
| 3 Aceiteira | 11 Pano [trapo] | 19 Mantel | 27 Azucreiro |
| 4 Escumadeira | 12 Enchufe | 20 Azucreiro | 28 Xerra |
| 5 Tesoiras | 13 Testo [tapadeira] | 21 Prato | |
| 6 Grella | 14 Baeta | 22 Coitelo | |
| 7 Tixola | 15 Estropallo | 23 Culler | |
| 8 Ola [pota] | 16 Cociña de ferro | 24 Garfo | |

Lección 7



Comidas do día

Pola mañá: almorzo

Ao mediodía: xantar

A media tarde: merenda

Pola noite: cea



Descibir un proceso

Habitualmente expresamos os procesos en forma impersonal, co pronome se.

Verbo en 3ª persoa do singular	+se	O peixe cocíñase a lume lento
Verbo en 3ª persoa do plural	+se	Os queixos cómense ben con pan

Empregamos os **conectores** para relacionar os contidos:

Adición: e, ademais, do mesmo xeito, tamén

Causa: porque, grazas, xa que

Condición: se, con tal de que, a menos que

Consecuencia: polo tanto, entón, de aí que

Finalidade: para, co in de, co obxectivo de que

Exemplificación: é dicir, por exemplo, noutras palabras

Oposición: pero, senón, aínda que

Orde: en primeiro lugar, despois, para empezar, para concluír

Referencia: no que respecta a, en canto a

Resumo: en resumo, en de initiva, en poucas palabras

Temporalidade: Desde entón, despois, hoxe en día, ao principio, ao final



Falar de habilidades

SABER + infinitivo:

(Eu) sei	+ infinitivo	<ul style="list-style-type: none"> · Eu sei cociñar ben os grelos · Ti non sabes pelar ben as patacas · El sabe facer moi ben os callos
(Ti) sabes		
(El/ela/vostede) sabe		
(Nós) sabemos		
(Vós) sabedes		
(Eles/elas/vostedes) saben		

DAR + pronome persoal átono + adverbio:

Dáseme	+ infinitivo + adverbio	<ul style="list-style-type: none"> · Dáseme moi ben cociñar · Dáselle mal facer o peixe
Dáseche		
Dáselle		
Dásenos		
Dásevós		
Dáselles		

SAÍR + pronome persoal átono + adverbio:

Sáeme	+ infinitivo +adverbio	<ul style="list-style-type: none"> · Sáeme moi ben a carne asada · As sobremesas sáenlle moi ben
Sáeche		
Sáelle		
Sáenos		
Sáevós		
Sáevós		

O pronome persoal

Serie tónica

	Singular	Plural	
1ª persoa	eu	nós / nosoutros, -as	Eu vou á escola
2ª persoa	ti	vós / vosoutros, -as	Ti levas as nenas no colo
3ª persoa	el, ela	eles, elas	Ela traballa aí

Serie átona

	Singular	Plural	
1ª persoa	me	nos	Tróuxome caramelos
2ª persoa	te (OD) che (OI)	vos	Díxoche que si
3ª persoa	o, a lo, la no, na (OD) lle (OI)	os, as	Viuna pola rúa

O pronome persoal átono, habitualmente vai despois do verbo. Con todo, tamén pode ir antes nos seguintes casos:

Palabras que indican negación:

- Non **che** contei as novidades.

Cos interrogativos:

- Como **lle** dixeches iso?

Coas conxuncións subordinadas:

- Díxenlle que **che** trouxera pronto a comida.

Cos inde inidos:

- Alguén **te** chamou antes.

As contraccións dos pronomes con preposición

	Contraen
De e en	De+el/ela/eles/elas: del/dela/deles/delas
	En+ el/ela/eles/elas: nel/nela/nelos/nelas
Con	Con+min: comigo
	Con+ti: contigo
	Con+el/ela: consigo
	Con+nós: connosco
	Con+vós: convosco

Expresar gusto

Gústame / non me gusta

·Moitísimo.....> Moito.....> Bastante.....> Algo.....> Nada

Facer recomendacións

<p>Recoméndoches/lle/nos/vos/lles Non che recomendo O mellor é O máis axeitado é</p>	<p>+infinitivo</p>	<p>Recoméndoches ver a serie <i>Mareas Vivas</i></p>
<p>Recoméndoches/lle/nos/vos/lles Non che recomendo O mellor é que O máis axeitado é que</p>	<p>+ verbo en forma persoal</p>	<p>Recoméndoches que vexas a película <i>A illa das mentiras</i></p>

Expresar opinión sobre algo

Interésame calquera película de terror.

Paréceme que é unha serie moi aburrida.

Creo que esa película é moi interesante.

Prefiro unha serie longa a unha curta.

Opino que é mellor escoller unha serie que teña varias tempadas.

 O pretérito

1ª conjugación	2ª conjugación	3ª conjugación
Andar	Varrer	Vivir
andei	varrín	vivín
andaches	varriches	viviches
andou	varreu	viviu
andamos	varremos	vivimos
andastes	varrestes	vivistes
andaron	varreron	viviron

Que pode expresar o presente de indicativo?

Unha acción anterior ao momento da enunciación:

- María cociñou onte polbo.

Pretérito do futuro:

- Cando te levantes xa rematou o día.

Acción anterior a outra pasada:

- Avisou tarde e apareceu igual.

 Ligazóns de interese

- >> Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo
- >> Dicionario de alimentación e restauración
- >> Gastronomía de Galicia
- >> Glosario básico de termos relacionados coa cociña
- >> Glosario de restauración Á carta galego castelán
- >> Lareiras.gal
- >> Pequeno dicionario da gastronomía galega
- >> Pratos por ingrediente principal
- >> Termos nutricionais
- >> Vocabulario dos utensilios de cociña
- >> Xogo para aprender os nomes dos utensilios da cociña



Notas da sesión

A large, empty rectangular box with a thin black border, intended for taking notes during the session.